

## **QUERES ACUDIR A BRAGA - CAPITAL EUROPEA DA XUVENTUDE 2012?**

A cidade portuguesa de BRAGA é este ano 2012 a CAPITAL EUROPEA DA XUVENTUDE. Este evento vai marcar o panorama cultural, académico e recreativo do lugar, polo que este é o ano ideal para visitar un dos puntos máis atractivos do país veciño.

Braga é xuvenil, unha cidade moderna e chea de movemento e tamén é unha cidade que mantén moi vivo o seu pasado histórico. Ao longo deste ano Braga está a ofrecer un programa completo de eventos e actividades para favorecer a participación e dar máis oportunidades para que a xuventude tome un papel activo.

### **ACTIVIDADES**

No marco das relacións de cooperación Galicia - Norte de Portugal, propónse a participación da xuventude galega nas seguintes actividades da Capital Europea da Xuventude 2012:

#### 1) Día Internacional da Xuventude (12 de agosto)

Porque a xuventude é o noso futuro e porque eles e elas darán continuidade ao que está por vir, con este obxectivo preténdese desenvolver o Día Internacional da Xuventude. Trátase de que neste día se reúnan por toda a cidade de Braga o maior número de mozos e mozas. Para celebrar este día, haberá actividades de animación na Praia Fluvial de Adaúfe, celebrarase a interculturalidade nun espazo que permite vivir a natureza e as quentes noites de verán, con 6 horas de música, 6 bandas emerxentes e 6 DJ's poderosos.

Saída de Galicia o 12 de agosto e retorno o 13 de agosto

#### 2) Ponte Party People (1 de setembro)

Haberá festa no parque da cidade, con bandas e DJ 's durante a noite con espírito de festival de verán.

Saída de Galicia o 1 de setembro e retorno o 2 de setembro

#### 3) Noite Branca (8 de setembro)

Este evento de 24h de street art, ten como obxectivo transformar Braga nunha gran instalación artística, reunindo todas as áreas de entretemento en espazos públicos e privados, que estarán abertos ininterrompidamente, promovendo as actividades comerciais e os organismos participantes. Este evento permitirá a animación continua das rúas da cidade de Braga, con diferentes espectáculos de artes performances e circenses, música, proxección multimedia, entre outros.

Saída de Galicia o 8 de setembro e retorno o 9 de setembro.

## **PROGRAMACIÓN**

[www.bragacej2012.com](http://www.bragacej2012.com)

## **DESTINATARIOS**

Persoas con idades comprendidas entre os 18 e 30 anos

## **NÚMERO DE PRAZAS**

30 prazas por fin de semana

## **INSCRICIÓN**

A inscrición será mediante envío do formulario de inscrición.

O prazo de inscrición será dende o 2 de agosto ata cubrir a totalidade das prazas.

As prazas serán cubertas por rigorosa orde de inscrición.

Os/as 30 primeiros/as solicitantes recibirán un correo de confirmación da praza, con indicación dos lugares de saída do servizo de transporte

## **COBERTURA DE ACTIVIDADES**

Aloxamento en réxime de pensión completa en cuarto de uso múltiple

Transporte ida e volta dende Santiago, Pontevedra e Vigo - Braga

Visita guiada na cidade de Braga (en horario de tarde do 12 de agosto; 1 de setembro e 8 de setembro)

## **TRANSPORTE**

A organización ofrece servizo de transporte dende as cidades de Santiago, Pontevedra e Vigo.

Este servizo de transporte sairá de Santiago ás 09:00 horas dos días 12 de agosto, 1 e 8 de setembro.

O regreso é ás 09:30 horas (hora local) de Braga os días 13 de agosto, 2 e 9 de setembro, respectivamente.

## **PARA MÁIS INFORMACIÓN**

[galeuropa@xunta.es](mailto:galeuropa@xunta.es)

981544645/981544869